

NORMAS PROVINCIAIS – ATLETISMO ESCOLAR EN PISTA 2019: COMPLEXO DEPORTIVO DE MONTERREI

Nesta modalidade deportiva, organizarase un campionato individual así como unha clasificación por equipos en base aos resultados dos/as atletas de cada entidade na competición individual.

Poderán participar tódolos clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS, etc..., que cumpran os requisitos da inscrición.

COMPETICIÓN INDIVIDUAL

Celebraranse catro xornadas previas zonais (en O Barco de Valdeorras e en Monterrei), así mesmo unha final Provincial individual, na que se programarán todas as probas indicadas no cadro anexo e na que se disputará a Final Provincial de probas combinadas (na que se disputará o Triatlón Benxamín e Alevín e o Tetratlón Infantil).

<u>MARZO 2019</u>			
23/03/2019	1ª XORNADA PREVIA ESCOLAR EN PISTA	VALDEORRAS	
30/03/2019	1ª XORNADA PREVIA ESCOLAR EN PISTA + TRIATLON ALEVIN HOMES E MULLERES	Complexo MONTERREI	HORARIO 16:00
<u>ABRIL 2019</u>			
06/04/2019	2ª XORNADA PREVIA ESCOLAR EN PISTA + TRIATLON BENXAMIN HOMES E MULLERES	Complexo MONTERREI	HORARIO 16:00
06/04/2019	2ª XORNADA PREVIA ESCOLAR EN PISTA	VALDEORRAS	
27/04/2019	3ª XORNADA PREVIA ESCOLAR EN PISTA + TETRATLON INFANTIL HOMES	Complexo MONTERREI	HORARIO 10:00
<u>MAIO 2019</u>			
01/05/2019	3ª XORNADA PREVIA ESCOLAR EN PISTA	VALDEORRAS	
04/05/2019	4ª XORNADA PREVIA ESCOLAR EN PISTA + TETRATLON INFANTIL MULLERES	Complexo MONTERREI	HORARIO 16:00
18/05/2019	4ª XORNADA PREVIA ESCOLAR EN PISTA	VALDEORRAS	
25/05/2019	CAMPIONATO PROVINCIAL INDIVIDUAL ESCOLAR	Complexo MONTERREI	HORARIO 11:00

En cada xornada, das que se disputan, os atletas de categoría Benxamín e Alevín poderán participar como máximo en dúas probas das que compoñen o programa. No caso de participar en dúas carreiras só poderá realizarse unha de máis de 250 metros.

Na categoría infantil, cada atleta poderá participar en cada xornada nun máximo de tres probas, respetando sempre a seguinte norma de participación: tres concursos; dous concursos e unha carreira ou un concurso e dúas carreiras (sendo unha delas inferior aos 250 metros). No caso de participar en dúas probas respetarase a seguinte norma de participación: dos concursos; un concurso e unha carreira ou dúas carreiras (sendo unha delas inferior aos 250 metros).

O programa de competición das xornadas previas completarase con probas para a categoría cadete e xuvenil; nas que podrán participar atletas desta categoría con ficha dilixenciada por Clubes da Delegación en Ourense e O Barco de Valdeorras da Federación Galega de Atletismo.

A participación está restrinxida nas previas para as categorías Benxamín e Alevín, a **un máximo de seis atletas por clube e proba**. Para a categoría infantil o número de participantes por clube e libre.

Nos concursos das fases previas disputaranse 3 intentos e no Campionato Provincial 6 intentos (3 intentos + 3 intentos de millora).

Nas probas de marcha aplicarase a normativa RFEA ("Pit Lane") Circular nº 208/2014 y Circular 57/2018.

Non se admitirá a participación fóra de concurso, quedando ao xuízo do/a Xefe/a do Servizo de Deportes a participación en caso de algunha excepción.

A data límite de inscrición será o martes anterior a cada proba ás 20:00.

CAMPIONATO PROVINCIAL

Para o campionato provincial, **a participación en carreiras e libre**, pasando a disputar as finais nas probas que se disputan por rúas os **8 milloros tempos das series clasificatorias**.

Para participar nos concursos elaborárase unha táboa clasificatoria cos resultados das xornadas previas disputadas anteriormente (en Ourense e O Barco de Valdeorras), **clasificándose os/as doce primeiros/as de cada concurso**.

O disputarse conxuntamente co Campionato Provincial Individual o Campionato Provincial de Probas Combinadas, **os atletas que opten por participar nas combinadas non poderán participar en ningunha outra proba individual**.

Na inscrición deberase cumprir a norma de que cada atleta da categoría Benxamín e Alevín poderá participar, como máximo em dúas probas das que compoñen o programa, no conxunto das dúas xornadas (mañá e tarde) que integran o Campionato Provincial. No caso de participar en dúas carreiras só poderá realizarse unha de máis de 250 metros.

Na categoría infantil, cada atleta poderá participar en cada xornada nun máximo de tres probas, respetando sempre a seguinte norma de participación: tres concursos; dous concursos e unha carreira ou un concurso e dúas carreiras (sendo unha delas inferior aos 250 metros). No caso de participar en dúas probas respetarase a seguinte norma de participación: dos concursos; un concurso e unha carreira ou dúas carreiras (sendo unha delas inferior aos 250 metros).

PROGRAMA DE PROBAS

MASCULINO			FEMENINO		
BENXAMIN	ALEVIN	INFANTIL	BENXAMIN	ALEVIN	INFANTIL
50	60	80	50	60	80
		150			150
500	500	500	500	500	500
1000	1000	1000	1000	1000	1000
	2000	3000		2000	3000
		80mv (0'84) 220mv (0'76) 1000obstáculos			80mv (0'76) 220mv (0'76) 1000obstáculos
1000 marcha	2000 marcha	2000 marcha	1000 marcha	2000 marcha	2000 marcha
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude Triplo (*)	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude Triplo (*)
Altura	Altura	Altura Pértega	Altura	Altura	Altura Pértega
Peso 1 Kg Pelota 200 gr	Peso 2 Kg Xavelina 400 gr	Peso 3kg Xavelina 500 gr Martelo 3kg Disco 800 gr	Peso 1 Kg Pelota 200 gr	Peso 2 Kg Xavelina 400 gr	Peso 3kg Xavelina 500 gr Martelo 3kg Disco 800 gr
4x50	4x60	4x80	4x50	4x60	4x80

(*) con táboas a 6m e 8m e carreira máxima de 15m.

Nas probas de velocidade de **benxamín e alevín** non e obrigatorio a saída de tacos nin a medición do vento. Permítese unha saída nula

Na **categoría infantil** é obrigatoria a saída con 4 apoios (con ou sen tacos). Non se permitirá ningunha saída nula. Utilizarase anemómetros nas carreiras e nos saltos horizontais.

Cadencias das alturas:

- benxamín: 0.80-0.85-0.90-0.95-1.00 (3/3)
- alevín: 0.85-0.90-0.95-1.00-1.05 (3/3)
- infantil: 0.90-0.95-1.00-1.05-1.10 (3/3)

Cadencia de pértega: 1.80(10/10) poderá iniciarse na altura mais baixa permitida pola instalación.

- Cada entidade só pode participar cun equipo de remudas por categoría e sexo.

PROGRAMA DE PROBAS COMBINADAS


MASCULINO			FEMENINO		
BENXAMIN	ALEVIN	INFANTIL	BENXAMIN	ALEVIN	INFANTIL
TRIATLÓN	TRIATLÓN	TETRTLÓN	TRIATLÓN	TRIATLÓN	TETRTLÓN
50	60	80	50	60	80
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Peso 1 Kg	Peso 2 Kg	Peso 3 Kg	Peso 1 Kg	Peso 2 Kg	Peso 3 Kg
		80mv			80mv

(*) O triatlón benxamín realizarase previo acordo co servizo provincial correspondente.

TRAMITACIÓN DE INSCRICIÓNS NA EXTRANET DA RFEA

Os Clubes, Colexios ou Asociacións, unha vez dados de alta todos os seus deportistas na aplicación de XOGADE, deben enviar un excell (mínimo cos seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, Clube e Licencia ou Mutualidade) con todos os deportistas, ó enderezo electrónico competicion@atletismo.gal (Contacto 981291683 Luis Fiaño). Os deportistas serán dados de alta na aplicación da RFEA e o xestor enviará un mail co usuario e a clave asignada o Clube, Colexio ou Asociación.

Os Clubes, Colexios ou Asociacións que teñan a todos os seus deportistas federados, non teñen que facer este proceso, usarán o usuario e clave que xa teñen asignado.

- 1.- Unha vez recibidos o **Usuario** e a **Contraseña**. Realizar os seguintes pasos.
- 2.- Entrar na dirección web www.rfea.es. Picar no **banner superior da esquerda** 
- 3.- Entrar co usuario e contrasinal que me asignaron. O programa pídeme que cambie o contrasinal e faime volver a entrar co novo contrasinal. Debo apuntar e gardar este contrasinal. Con certa periodicidade o programa pedirá cambiar este contrasinal.
- 4.- Unha vez dentro da aplicación. Pinchar na opción **AREA DE COMPETICIONES** que se atopa abaixo a esquerda.
- 5.- Desplegase un menu, pinchar na opción **INSCRIPCIONES TERRITORIALES**.
- 6.- Rellenar los desplegados, **Temporada**, **Mes** y **Federación**. Dar a la pestaña **BUSCAR CAMPEONATOS**
 - Como exemplo para esta primeira proba serían: 2018-2019, marzo e Galicia.
- 7.- Nos resultados da búsqueda, elixir a nosa proba e facer clic na imaxe dunha tarxeta na columna inscricións (**Insc.**, penúltima columna).
- 8.- Seleccionar **prueba** e **sexo** e facer clic en **inscribir atleta**.
 - Sale a pestaña **Licencias** co campo da categoría do atleta marcado, darlle a aceptar.
 - Saenos un listado, seleccionar ó atletas que queiramos inscribir e aceptar.
 - Repetir o proceso para cada atleta e para cada prueba.
- 9.- Unha vez finalizado o proceso de todas as inscricións, na pestaña **Inscricións**, facendo clic na lupa, podo xenerar un excell con todas as inscricións que acabo de realizar, ordenados por categoría e sexo dos atletas.

Para calquera dúbida chamar a Angel Fidalgo ó teléfono 671 052 185 o dirixirse o enderezo electrónico ourense@atletismo.gal .